



OGROVEJAMFEST 2014 , 25 DE XULLO.

INDICE:

1. CULTURA URBANA COMO CANLE DE EXPRESIÓN.
2. CAMPIONATO 3x3 BALONCESTO URBANO.
3. CONCURSO DE TRIPLAS.
4. EXHIBICIÓN E OBRADOIRO DE PARKOUR.
5. EXHIBICIÓN DE GRAFFITI.
6. EXHIBICIÓN e OBRADOIRO DE BREAKDANCE.
7. OBRADOIRO DE PRODUCCIÓN MUSICAL
8. CONCURSO DE BANDAS GALEGAS NOVEIS OGJF
9. CONCERTOS.
10. STANDS.
11. PROGRAMACIÓN HORARIA.
12. LOXÍSTICA DE MONTAXE.
13. MULTIMEDIA E PROXECCIONS.
14. CONTROL DE ACTIVIDADES.
15. ORGANIZACIÓN.

1. A CULTURA URBANA COMO CÁNLE DE EXPRESIÓN.

A Asociación Cultural, Xuvenil, Deportiva e Recreativa RIA URBANA está encamiñada a representar, promover e ofrecer todas as formas de expresión que teñen cabida dentro da Cultura Urbana, sen discriminar sexo ou idade.

A nosa meta non é outra que a de conseguir que a xente se inculque e se involucre no mundo do baile, o deporte, a música...e en xeral todo o contido que se pode atopar dentro da cultura Hip Hop.

Logo de un ano de duro traballo, no que estiveron presentes todas estas faccións culturais que representamos, e que culminou co primeiro festival de cultura urbana no pobo do Grove, algo inédito ata a data e que foi posible grazas o esforzo da Concellería de Xuventude do Grove na súa aposta pola cultura urbana e pola xuventude. Podese dicir que a nosa andaina, inda que breve, está a ser moi intensa e que día a día atopamos máis mozos e mozas interesados en involucrase e ofrecer o seu tempo libre a esta cultura.

Moito esforzo e moito suor que se ven reflexadas na ledicia e ilusión de aqueles que ata o de agora non tiñan unha alternativa para dar e darse a coñecer na súa faceta máis artística ou sequera para poder coñecer este mundo cheo de emocións e sensacións.

O ano 2012 foi un ano cheo de traballo, pero tamén de satisfacción, tanto a nivel persoal como colectiva, o ano 2013 estivo marcado pola calidade dos artistas e o poder xuvenil que demostrou que as inclemenzas do tempo non son suficientes para para este festival. Este ano a Asociación RIA Urbana seguirá nesta liña de traballo , mellorando e crecendo tanto na evolución como na cantidade de eventos programados.

Henrique Escalante de Lima
Presidente da Asociación RIA URBANA.

2. CAMPIONATO BALONCESTO URBANO 3x3

O STREETBALL OU BALONCESTO 3x3 .

Streetball ou baloncesto 3x3 é unha forma de xogar o [baloncesto](#) nun escenario urbano. Considerase como outro elemento da cultura hip hop xogada especialmente nas pistas de baloncesto o aire libre, en parques, nos "playground"... e profundamente imitada por xente de todo o mundo e de todas as idades. Foi lanzado a fama como parte do espectáculo de And1 "Mix Tape Tour", que percorreu toda Norteamérica, o que fixo que este xogo fose promocionado e dado a coñecer na súa máxima cobertura por parte dos medios de comunicación.

Inda que as regras del Streetball son en teoría as do baloncesto normal, o Streetball pon un maior énfasis nos "cara a cara" entre o atacante e o defensor. Neste tipo de partidos, os atacantes poden ofrecer un gran número de espectaculares movementos mentras intenta chegar a canasta, incluíndo cambios de man ou fintas, así como outros tipos de enganar. O Streetball a menudo ofrece espectaculares mates ou "alley-oops", impresionantes movementos de balón, e, sobre todo, un bo humor reinante, consecuencia de que o Streetball nace das partidas entre amigos.

Algunhas regras do baloncesto, como, por exemplo, os dobres, simplemente non se aplican en Streetball. O estilo é o factor que fai algo válido no Streetball e sobretodo a xenialidade e espectacularidade das súas técnicas: "Se o movemento impresiona, non está en contra das normas".

A Asociación Cultural Xuvenil Deportiva e Recreativa Ría Urbana, organiza este campionato dirixido a xovenes interesad@s no mundo do baloncesto, na súa modalidade urbana, co fin de impulsar este deporte urbano, así como de mostrala aos veciños do municipio como aos propios visitantes deste.

Obxetivos principais do concurso de Streetball ou Baloncesto 3x3.

Fomentar a práctica de deportes o aire libre, apoiar o uso e coidado de infraestruturas urbanas e dar a coñecer aspectos e modalidades dos deportes base que evolucionan dentro da sociedade xuvenil.

Propiciar a práctica dos deportes en equipo, concienciar e mellorar os aspectos das relacións persoais dentro dos deportes de equipo e poder intercambiar aspectos xerais desta actividade.

REGRAS DO CONCURSO STREETBALL / BALONCESTO 3x3

REGRAS BÁSICAS

Aplicaranse as regras vixentes no manual de reglamento da Federación Internacional de Baloncesto.

REGRAS PRINCIPAIS

Cancha: Os partidos xogaranse na media cancha dun terreo de xogo de baloncesto regular (FIBA) habilitado para tal ocasión e que contará coas seguintes medias:

O campo terá unhas dimensions de 15m de anchura por 14m de lonxitude.

O aro estrá a 3,05 m de altura, introducindo 1,20 m dentro do rectángulo de xogo, provisto de basculantes homologados.

Paralela a liña de fondo esta a de tiros libres, que se atopa a 5,80 m da liña de fondo e a 4,60 m da canasta.

O círculo onde se atopa a liña de tiros libres ten un diámetro de 3,6 m.

Todas as liñas miden 5 cm. de ancho.

A liña de tres puntos atópase situada a 6,25 m (FIBA) de distancia da canasta.

Faltas: Castigarase o equipo que cometa 3 faltas outorgandolle un tiro libre o equipo contrario, asimesmo castigarase cun punto directo aquelas faltas que sexan consideradas como flagrantes polos árbitros. Toda conduta antideportiva poderá ser motivo de descalificación da persoa ou persoas implicadas.

Equipos: Cada equipo consistirá dun máximo de catro (4) xogadores, tres (3) xogadores na cancha e un substituto.

Indumentaria: Os equipos participantes poderán xogar coas súas propias camisetas sendo todas da mesma cor ou proporcionáraselle petos de cores.

Oficiais: Os oficiais consistirán de un árbitro asistido por tres oficiais de mesa, a saber, un anotador, un cronometrista e un operador de 14 segundos.

Comenzo do partido: Antes de comezar o partido, sorteanse os distintivos A ou B para cada un dos 2 equipos, o saque inicial farase cun salto inicial entre os xogadores dos equipos.

Tempo de xogo / Gañador dun partido: O tempo regular de xogo consistirá de dous períodos de 5 minutos cada un cun tempo morto de 2 minutos para a categoría SENIOR. Nembargantes o primeiro equipo que anote 21 puntos ou mais, será o gañador. En caso de finalizar co marcador igualado, xogarase unha prorroga de 5 minutos e de seguir empates, decidírase a unha ronda de tiros libres, 3 por equipo, ata que falle un. Só no caso da final e do 3º e 4º porsto os partidos disputaranse en dous periodos de 10 minutos para a categoría SENIOR na que non hai limite de puntuación, polo cal deberá xogarse ata o final do tempo regulamentario, mantendo o resto das regras.

Dispositivo de catorce segundos: Un equipo debe intentar un lanzamento de campo dentro dos 14 segundos regulamentarios.

Como se xoga a pelota: A pelota debe driblar / pasar a un lugar na cancha por detrás da liña de tres puntos. Unha vez que a pelota atopese por detrás da liña de tres puntos, hai que relizar, al menos, un pase a un compañeiro ou ser tocada por un membro do equipo contrario, antes de intentar anotar.

BASES CONCURSO STREETBALL / BALONCESTO 3x3:

- **PARTICIPANTES:**

Podrán participar todas as persoas interesadas que residan legalmente en calquer municipio do territorio nacional. Haberá 1 categoría de campionato que será:

Senior: Homes e mulleres de entre 16 e 90 anos

Todos os participantes comprométese a concursar unha vez inscritos previamente, exceptuando circunstancias xustificadas.

-Serán inscritos sóamente os **12 primeiros equipos** que se apunten, para a categoría Senior, no campionato, con un máximo de 5 integrantes, 4 xogadores de campo e 1 adestrador (opcional).

O prezo da inscrición e de **12 €uros por equipo** ingresándoos no **nº de conta 2080-5426-28-3040119731** na entidade **NOVAGALICIA BANCO** especificando no ingreso **concepto basket3x3+nome do equipo**.

A data de inscrición será dende o **24 de Maio ata o 24 de Xullo de 2014**.

A organización, proporcionará bebidas para o torneo e xestionará prezos reducidos para o aloxamento, de ser necesario.

- **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

Ficha de Inscripción - Dispoñible en enlace via internet da web rexistrada www.mediafire.com dispoñible nas principais redes sociais a través dun link de descarga + foto, fotocopia ou xustificante electrónico do comprobante de ingreso da inscrición. A solicitude non será aceptada sen o xustificate de pagamento da cuota de inscrición

- **PRESENTACIÓN**

Por correo electrónico. Dirixido a ogrovejamfest@gmail.com, enviarase un correo coa ficha de inscrición (a cal se atopa en descarga directa na web www.mediafire.com a través de facebook/ogrovejamfest ou facebook/riaurbana), e unha foto de todo o equipo participante.

- **SORTEO DE ENCONTROS**

O sorteo dos equipos participantes terá lugar o día 25 de Xullo no mesmo recinto do evento e cos equipos participantes como testigos.

- **DESENROLO DO CONCURSO:**

As 10:15 h. comezará o primeiro encontro de baloncesto urbano 3x3.

Cada equipo vestirá indumentaria propia distinguible ou petos de cores cedidos pola organización.

As actuacións serán grabadas e/ou fotografiadas e poderán ser reproducidas e/ou expostas pola organización.

1ªFASE-LIGUILLA:

A través dun sorteo formaranse 3 GRUPOS (A,B e C) de 4 EQUIPOS que xogarán entre eles realizando tódolos cruces posibles, a puntuación da taboa irá en función das vitorias ou derrotas.

O remate da LIGUILLA pasarán a seguinte fase os 2 primeiros equipos de cada grupo e os 2 mellores 3º de cada grupo (de producirse empates terase en conta o número de puntos por partido anotados por cada equipo en toda a liguilla, para producir o desempate).

2ªFASE-ELIMINATORIAS: Os cruces das eliminatorias quedarán definidas na seguinte taboa a través do computo por partidos gañados, puntos a favor e puntos en contra.

Exemplo:

A	B	C
2º mellor 1º	Mellor 1º	3er mellor 1º
Mellor 2º	3er Mellor 2º	2º mellor 2º
3er mellor 3º elim.	2º mellor 3º	Mellor 3º
4º eliminado	4º eliminado	4º eliminado

CUARTOS DE FINAL

Cuartos D	MELLOR 1º	vs	2º MELLOR 3º (2º PARTIDO)
Cuartos E	2º MELLOR 1º	vs	MELLOR 3º (1º PARTIDO)
Cuartos F	3º MELLOR 1º	vs	3º MELLOR 2º (4º PARTIDO)
Cuartos G	MELLOR 2º	vs	2º MELLOR 2º (3º PARTIDO)

SEMIFINAIS

GAÑADOR D	vs	GAÑADOR G (1º PARTIDO)
GAÑADOR E	vs	GAÑADOR C (2º PARTIDO)

3º/4º POSTO: Perdedores das semifinais.

FINAL: Gañadores das semifinais.

• HORARIOS

Horarios categoría SENIOR:

- Eliminatorias ---- Dende as 10:15h ata as 15:00h.
- Cuartos de final e Semifinais ---- Dende as 17:00h ata as 18:30h.
- 3º/4º Posto e Final ---- As 19:00h ata as 20:00h

Será motivo de descalificación:

Non presentarse a hora prevista no partido, ou ante a chamada por megafonía do equipo (cun marxen de 5 minutos), na cancha.

Presentarse menos de 3 xogadores.

Comportamentos antideportivos ou agresivos, insultos, provocacións desmedidas e todos aqueles comportamentos que puidesen ser un agravio para a realización do evento.

O finalizado torneo farase entrega dos premios o 1º, 2º e 3º clasificado, así como un premio especial o mellor xogador do torneo.

- 1er clasificado: 60€ en metálico + Medallas + Regalos en complementos + Vale desconto de 20€ na web FUIKAOMAR para cada xogador.

- 2º clasificado: 24€ en metálico + Medallas + Vale desconto de 10€ na web FUIKAOMAR para cada xogador.

- 3er clasificado: 12€ en metálico + Regalos en complementos + Medallas.

- MVP do Torneo: 1Par de zapatillas AND1 + Entrada Afterparty OGJF14 + Vale desconto de 20€ na web FUIKAOMAR.

A organización reservase o dereito a aprazala data do concurso por causa xustificada.

Os casos non previstos nas presentes bases serán resoltas pola organización basándose nos criterios de racionalidade, igualdade e equidade.

A participación nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

O incumprimento de calqueira punto recollido nestas bases pode conlevar a retirada do equipo do torneo.

Apostemos polo FAIR PLAY (Xogo limpo)

3. CONCURSO DE TRIPLAS.

BASES CONCURSO TRIPLAS

- **PARTICIPANTES:**

Poderán participar todas as persoas interesadas que residan legalmente en calquer municipio do territorio nacional. Haberá 1 categoría de campionato que será:

Senior: Homes e mulleres de entre 16 e 90 anos

Todo los participantes comprométense a concursar unha vez inscritos previamente, exceptuando circunstancias xustificadas.

-Serán inscritos sóamente os **12 primeiros triplistas** que se apunten, para a categoría Senior, no campionato.

O prezo da inscrición é gratuíta.

A data límite de inscrición será dende o **24 de Maio ata o 24 de Xullo de 2014**.

A organización, proporcionará bebidas para o torneo e xestionará precios reducidos para o aloxamento, de ser necesario.

- **DOCUMENTACIÓN A ENTREGAR**

Ficha de Inscrición - Dispoñible en enlace via internet da web rexistrada www.mediafire.com dispoñible nas principais redes sociais a través dun link de descarga.

- **PRESENTACIÓN**

Por correo electrónico. Dirixido a ogrovejamfest@gmail.com, enviarase un correo coa ficha de inscrición (a cal se atopa en descarga directa na web www.mediafire.com a través de facebook/ogrovejamfest ou facebook/riaurbana).

- **SORTEO DE POSICIÓN**

O sorteo das posicións de cada xogador terá lugar o día 25 no mesmo recinto do evento e cos xogadores participantes como testigos.

- **DESEÑO DO CONCURSO:**

As 16:00 h. comezará o primeiro turno co primer participante.

Cada xogador terá 5 zonas dende onde encestar, cada zona conta con 3 balóns, os balóns de cór laranxa valen 1 punto, mentres que os tricolor valen 2 puntos.

Cada xogador dispón de 1 minuto de tempo para completar as 5 zonas de tiro.

Non valerán aqueles puntos que se fagan pisando a liña de triples ou fora de tempo.

As actuacións serán grabadas e/ou fotografiadas e poderán ser reproducidas e/ou expostas pola organización.

A clasificación dos xogadores para a seguinte ronda vai por eliminatorias a 1 intento, só na ronda final, cada xogador terá dúas tentativas.

Estas rondas divídense en:

1º RONDA: Eliminatorias para ver que 4 xogadores son os que se clasifican.

2º RONDA: Eliminatorias para ver que 2 xogadores son os que se clasifican.

FINAL: Xogo dobre, decídese o campión.

- **HORARIOS**

Horarios categoría SENIOR:

- Eliminatorias ---- Dende as 16:00h ata as 16:25h.
- Cuartos de final e Semifinais ---- Dende as 16:30h ata as 16:45h.
- Final ---- As 16:50h ata as 17:00h

Será motivo de descalificación:

Non presentarse a hora prevista no partido, ou ante a chamada por megafonía do xogador (cun marxen de 5 minutos), na cancha.

Comportamentos antideportivos ou agresivos, insultos, provocacións desmedidas e todos aqueles comportamentos que puidesen ser un agravio para a realización do evento.

O finalizo do torneo farase entrega dos premios o 1º e maillo 2º clasificado.

- 1er clasificado: 1Par de Zapatillas AND1+ Medalla + Regalos en Complementos + Vale desconto de 25€ na web FUIKAOMAR.

- 2º clasificado: Medalla + Regalos en Complementos + Vale desconto de 10€ na web FUIKAOMAR

A organización reservase o dereito a aprazala data do concurso por causa xustificada.

Os casos non previstos nas presentes bases serán resoltas pola organización basándose nos criterios de racionalidade, igualdade e equidade.

A participación nesta convocatoria supón a plena aceptación destas bases.

incumprimento de calqueira punto recollido nestas bases pode conlevar a retirada do xogador do concurso.

Apostemos polo FAIR PLAY (Xogo limpo)

4. EXHIBICIÓN DE “PARKOUR”

DEFINICIÓN DE PARKOUR

O parkour é unha disciplina de orixe francés que consiste en desprazarse en calqueira entorno (en ambientes urbanos ou naturais), usando as habilidades do propio corpo, procurando ser o máis rápido e fluído posible, efectuando movementos seguros e eficientes. Isto significa superar obstáculos que se presenten no recorrido, tales como valados ou barandas, muros, etc. Os practicantes do parkour son denominados *traceurs* (*traceuses* no caso das mulleres). O entreno do Parkour debe ser progresivo e seguro. O obxectivo do entreno (que pode variar con cada practicante) é formar persoas fortes física e mentalmente capaces de responder ante unha emerxencia e ser útiles para a sociedade. Este método de entreno foi desenvolvido por **David Belle** e o seu grupo de amigos a principios dos anos 90 inspirados no "**Método natural**" de Georges Hébert. Os practicantes da variante do Parkour denominada erróneamente "**free running**" buscan principalmente a beleza nos desprazamentos, realizando acrobacias e movementos estéticos derivados da ximnasia.

A Asociación Cultural Xuvenil Deportiva e Recreativa Ria Urbana organiza esta exhibición dirixida a xovenes interesados no mundo do Parkour, co fin de impulsar esta forma de expresión artística urbana e medio de comunicación xuvenil, así como mostrala aos veciños do municipio como aos propios visitantes deste.

Obxetivos da exhibición de Parkour.

Reforzar os lazos deportivos dentro da propia rama do parkour, desenrolar, compartir ,difundir técnicas e habilidades, dinámicas de entreno, novos movementos... e facilitar a interconexión de diferentes deportistas.

Expoñer e resaltar unha das expresións culturais que están en plena expansión, enfocar e definir o parkour como deporte e non como un acto vandálico.

Ser parte principal de motivación e adicación para novos deportistas, así como unha ventá aberta a pais e nais que desexen saber máis acerca desta rama deportiva.

BASES DA EXHIBICIÓN E TALLER DE PARKOUR:

Os encargados de levar a cabo esta exhibición serán os Urban People; Jeremy Silva e Yeray Ayala.

O obradoiro de Parkour dará comezo de 18:00h a 19:00h na pista parkour OGROVEJAM FEST.

A exhibición dará comezo as 19:00h ata as 19:30h na pista parkour do OGROVEJAM FEST.

5. EXHIBICIÓN DE GRAFFITI.

¿¿¿Que é un graffiti???

Entendida como unha das expresións do arte urbano mais populares e [características](#) da actualidade, o graffiti non é mais que un debuxo ou unha [obra](#) de arte pictórica realizadas nas paredes e muros da rua. Así, o graffiti non se move ou se mostra dentro de círculos intelectuales ou privados do arte senon que se caracteriza por ser exposto de maneira pública para que todos o vexan e disfruten día a día. O graffiti é polo xeral anónimo e pode ter diferentes obxetivos no que respecta a razón da súa realización: mentres algúns son meramente artísticos, outros son formulacións políticas, outros de protesta e moitos outros son simples mensaxes sen maiores pretensions.

A palabra graffiti proven do italiano e relacionase coa idea de grafito ou de expresión gráfica. Xustamente, un dos elementos mais característicos do graffiti é que realizase sempre de maneira gráfica e visual. Polo xeral, o graffiti non segue regras artísticas mais alá que a mesma liberdade de expresión do autor, e é por iso que mentres algúns son realmente complexos e verdadeiras obras de arte, outros son simples frases escritas con certa violencia nas paredes ou portas de negocios.

Estimase que os graffitis son sempre realizados polas xeracións mais xoves que se atopan opostas ao mundo [conservador](#) e institucionalizado dos adultos. Neste sentido, en moitos países o graffiti é un delito xa que é considerado suciedade ou dano da propiedade privada. Nembargantes, en diversos lugares o graffiti xa está integrado ao tecido urbán e é considerado unha verdadeira e importante forma de expresión cultural e popular.

Hoxe en día, os graffitis tomaron forza en moitas cidades xa que se utilizan “stencils” de gran [complexidade](#) e infinitos deseños para establecer ideas ou puntos de vista. Algúns de eles son graciosos, outros contan cunha importante ironía, pero todos eles fanse dende un lado artístico que debe terse en conta mais alá do feito en sí do propio graffiti.

A Asociación Cultural Xuvenil Deportiva e Recreativa Ria Urbana organiza esta exhibición dirixida a xovenes interesados no mundo do Graffiti, co fin de impulsar esta forma de

expresión artística urbana e medio de comunicación xuvenil, así como mostrala aos veciños do municipio como aos propios visitantes deste.

Obxetivos da exhibición de Graffiti.

Reforzar os lazos culturais dentro da propia rama do graffiti, desenrolar, compartir ,difundir técnicas de expresión, materiais utilizados, novas ideas... e facilitar a interconexión de diferentes autores e artistas.

Expoñer e resaltar unha das expresións culturais que están en plena expansión, enfocar e definir o graffiti como arte e non como un acto vandálico.

Ser parte principal de motivación e adicación para novos artistas, así como unha ventá aberta a pais e nais que desexen saber mais acerca desta rama cultural.

- BASES DA EXHIBICIÓN DE GRAFFITI.

- Contaremos con 7 writers galegos que se encargaran de facer os graffitis.
- O tema do deseño é Xuventude e Cultura na Rua.
- Os traballos serán orixinais e inéditos.
- O material utilizado serán colectores de vidro.
- Os participantes serán responsables da autoría de ditas obras, quedando a organización ou o axuntamento libre de calqueira reclamación contra terceiros pola autoría das obras presentadas o concurso.
- Os participantes autorizan a organización a reproducir as obras para fins promocionais, tanto gráficos como dixitais.

- A exhibición de graffiti presentase a partir das 12:15h e rematará aproximadamente sobre as 20:00h, as obras serán expostas no escenario durante os concertos.

WRITERS INVITADOS.

- **POW**



Pow a.k.a PowOne é, sen dúbida, un dos artistas graff máis consagrados dentro e fora dos límites galegos. Este artista innovador e creacionista expón os seus realismos, murais, laminas...por toda a xeografía galega e parte da nacional.


Esta é a súa forma de vida que compaxina co traballo en Hall of Fame, tenda especializada no mundo do graffiti e rexentada por este artista.



- **CAONE, ROI K & DIAZ**




Caone & Diaz



Roi

Caone, Roi K e Diaz son tres rapaces do Grove os que o seu interes polo graffiti uniu dende hai xá varios anos. Caone comezou os 12 anos cos seus primeiros taqueos, perfeccionándose no wild style ata o día de hoxe...Roi K iniciouse nesto do graffiti dende moi cativo, cando veu o seu primeiro graffiti, esa mezcla de formas e cores fixo que no ano 2009 comezase a facer os seus primeiros traballos, ata a data podemos encontrar varios muros de este writer onde predomina o wildstyle...Polo seu lado Diaz é un autodidacta dos retratos e deseños estrambolicos, dende os 13 anos cando veu os primeiros graffs nunha revista de Hip Hop soubo que debía contribuir a esta arte coa súa presenza.



- **ASSES&TITS**



Srta Asses&Tits ven representando, os seus 23 anos, Santiago de Compostela a través dos grafos máis representativos de bonecas.

Ainda que, comezou a pintar con espray en Xaneiro deste ano, Asses&Tits está a ser unha habitual entre os writers do panorama Graf galego.

Podese dicir, que os seus deseños son mais que atrevidos, por iso, non pasan desapercibidos entre os transeúntes da capital galega.

Actualmente podes atopar varios traballos desta artista en http://www.flickr.com/nazz_assesandtits/



- **DRASIK**



Drasik , a.k.a Write, chega dende Santiago DC para mostrarnos o seu estilo mais desenfadado dentro do graffiti.

Comezou apenas entrado o 2005, asomando os seus primeiros taqueos polas ruas da capital, pero é entre o 2006 e 2007 cando comezan a coñecerse as suas obras mais importantes centradas no concepto wild style.

Mais información en www.facebook.com/drasikbaradentro




- **OSIRISS**



Osiriss é un writer compostelán que comezou a pintar a mediados dos anos 90, a súa traxectoria estivo marcada pola pertenza a crews tan importantes coma NBK ou PVC.

Non se cataloga en ningún estilo, pero poderíase dicir que Osiriss estaría encadrado no WildStyle, xa que é o único co que se pode asociar.

Este writer tamén tivo contacto coa faceta musical do Hip Hop colaborando con grupos como Actos Urbanos ou Dios Ke Te Crew.



- **FAST FLUS & BURE**

Bure leva pintando graffiti dende finais dos 90. Forma parte de Circo Crew e ten pintado por todo Galicia e polo resto de España en cidades como Gijón, Vitoria, Bilbao, Barcelona, Madrid, Ponferrada, Lisboa ou Bucarest. É coorganizador, xunto cos restantes membros de Concepto Circo do Style Fighters Fest e tamén estivo presente nun gran número de festivais: Write4Gold en Portugal e en Alemania, Most Wanted Fest, Puro Estilo...

Fast Flus, un dos escritores máis activos de Galicia, leva cerca de 15 anos realizando murais de diferente índole e participando en moitos dos festivais máis sonados da península ibérica. Mantendo un estilo moi limpo e fresco nos seus letterings, a cotío disfruta acompañándoos con ilustracions e fondos moi elaborados





6. EXHIBICIÓN e OBRADOIRO DE BREAKDANCE.

Qué sabemos do Break Dance...

- O termo **Break Dance** foi acuñado polos medios de información referíndose ao baile xa coñecido como [B-boying](#), según declaran un número significativo de practicantes desta doutrina. Pensase que este termo (Break Dance) tiña motivos comerciais, e por iso algúns "B-boys" prefiren seguir chamando ao seu baile do modo orixinal. É unha danza urbana que forma parte da cultura [Hip-Hop](#) surxida nas comunidades [afro-americanas](#) dos barrios [neoyorquinos](#) como o [Bronx](#) e [Brooklyn](#) nos [70](#). Se ben é certo que alcanzaría un recoñecemento máis alto na década dos [80](#), grazas a influencia de diversos artistas como [James Brown](#) e [Michael Jackson](#), e películas como [Breakin'](#) que estenderon este movemento hacia os países europeos.

É un baile que combina unha serie de movementos aeróbicos e rítmicos, influenciados dende os bailes aboríxenes, artes marciais, ximnasia, e o funk. A lista de movementos é enorme e requiren gran adicación e disciplina para levarse a cabo. Os movementos do B-boying podense clasificar en 4 ramas: estilo ou Top Rocking (baile de arriba), footwork ou potros (traballo de pes), power moves (movementos de poder) e freeze (conxelados).

Obxetivos da exhibición e do obradoiro de breakdance.

- Fomentar a cultura de baile Break Dance entre a xuventude local. Este tipo de baile en constante evolución e con un alto nivel de dificultade na súa execución, constitúe un

movemento global e urbano que se atopa moi arraigado na cultura xuvenil de hoxe en día.

- Impulsar o desenvolvemento desta linguaxe cultural, contribuir a su profesionalización e abrir a novos públicos esta disciplina, equiparandoa a outras formas de expresión artística con mais recoñecemento.
- Fomentar as relacións interpersoais dos participantes, podendo intercambiar novos puntos de vista de esta expresión artística e cultural, que é un dos principais canais que posibilitan a constante evolución deste baile.

A Asociación Cultural Xuvenil Deportiva e Recreativa Ría Urbana organiza esta exhibición dirixida a xovenes interesad@s no mundo do Break Dance, co fin de impulsar esta forma de expresión artística urbana e medio de comunicación xuvenil, así como mostrala aos veciños do municipio como aos propios visitantes deste.

BASES DA EXHIBICIÓN e OBRADOIRO

- Contarase coa colaboración dun dos mellores grupos ou “crews” de breakdance a nivel Galicia, FANEKA ATTACK CREW
- O Obradoiro está destinado a xovenes, nenos e nenas, de entre 8 e 16 anos, terá unha duración de 1 hora e será de nivel básico principiante.
 - O horario do obradoiro é:
Obradoiro: Dende as 18:00h ata as 19:00h
 - O horario da exhibición é:
Exhibición: Dende as 20:00h ata as 20:30h.
- En todo momento haberá un equipo de Protección Civil para atender calquera emerxencia.

7. OBRADOIRO DE PRODUCCIÓN E EDICIÓN MUSICAL

- Miniobradoiro dunha hora de duración, para idades de entre 12 e 90 anos para aquelas persoas interesadas no mundo da produción e edición musical, métodos de traballo, programas máis utilizados, estilos, produción e edición básica...
O Obradoiro será impartido polo produtor Xury dos estudos GaryDreams

GaryDreams



Samuel iglesias (14 de setembro de 1984), coñecido como GaryDreams ou XuryPro, é un produtor musical galego saído da escena hip hop underground de Pontevedra, Galicia.

Fillo de músico e criado nun ambiente familia humilde empeza a interesarse pola produción musical ala polo año 2000 cando no "Gary", local de ensaio donde reuniase con seus irmans de Barrio13 que tiñan un grupo formado por Djow13,A.K.A13 e Dar, seu primo leva un velloo ordenador e casualmente atopase cun CD que contiña unha demo do programa de produción Fruity Loops e decidiu instalalo e probar sorte, foi dende aquel preciso instante cando soibo que eso era o que necesitaba para evadirse dos problemas que por aquel entón sufría. Tras un ano facendo ritmos con ese programa decide probar sorte cun sampler akai MPC 2000xl que seus Irmans de Barrio13 mercaron para producir, pero que por falta de información acerca do seu funcionamento quedara gardado nunha esquina sen utilizar, foi cando junto con Dome e sendo totalmente autodidactas aprendeu a utilizalo a base de incontables horas sentado enfronte del.

Ao mesmo tempo tamén empezaría a grabar dixitalmente sendo totalmente Autodidacta e sen ningún tipo de información, solo a base de grabar.

Producindo a súa primeira maqueta enteira para Barrio13 e sendo o responsable da grabación , anos máis tarde no 2005 xunto a seu irman Djow13, A.K.A.13,Carpi e Salem formarían a agrupación Grove Hustla percorrendo parte da xeografía galega e na que co paso do tempo Carpi,A.K.A.13 e Salem saldrían da agrupación e entraría a formar parte Dar, producindo e grabando, casi na súa totalidade, todos os temas da agrupación ata o día de hoxe.

En 2008 decide invertir o pouco que gañaba traballando nun ordenador e unha tarxeta de son con entrada midi para cos vellos tecrados do seu pai poder compoñer e crear as suas propias instrumentais sen necesidade de ningún tipo de sampler experimentando e buscando seu propio sonido influido sobre todo polo sonido Dirty South e pasando polo son máis West a vez que aprendía a grabar e mezclar de forma autodidacta.

No ano 2010 por motivos de trabalo trasládase a Madrid e é alí onde comeza a moverse conseguindo o seu primer contrato para producir a canción Hood Boyz no disco Sin Fronteras do grupo madrileño Dosis En Bruto editado polo selo discográfico Independencia Sonora, producindo temas soltos para varias mixtapes de diferentes artistas.

No 2012 a súa música cruza por primeira vez o charco producindo White & Blue do rapeiro salvadoreño, afincado en Los Ángeles, Galeano El Hijo la mixtape EXTRACTAMENTE PARA LA CALLE Vol.6 editada polo selo La Combinacion Records e producindo tamén unha colaboración de Dosis En Bruto con Galeano El Hijo e o Gorra.

A mediados do 2012 comeza a traballar compartindo papel de produtor con Craken no proxecto 90Ruina do rapeiro Naser Yasir encargándose do 50% das produccions do proxecto, grabación e mezcla, o proxecto verá a luz un ano despois, no verán de 2013.

No 2013 tamén comezaría co seu irmán DJOW13 a produción e grabación do seu proxecto Malos Habits con colaboracións de Big Nando, Lsebe DIH, Primer Dan, Mr.Pincho, Annie Insoul y Tali Be, producindo seus primeiros beats reggae.

A mediados do 2013 produciría para un recopilatorio chamado Las Calles Hablan 2.0, 7 temas para artistas como Dosis en Bruto, Buffle Man, Duddi Wallace, Larah Femina, Sator Sánchez, Annie Insoul, Dorean Blue y Zequione que saídría editado a finais do 2013 polo selo Independencia Sonora.

En 2014 saca unha serie de traballos en forma de Ep instrumental como Finding MySelf e TransGalaxy nos que se adentra nun novo son, e varios temas individuais de diferentes estilos dentro da música electrónica así como dous temas producidos para Alan Bi Rush e varios remixes non oficiais de Watios, Charlie Tzara, Dano...

Na actualidade traballa en proxectos xunto con Tali Be, Djow13, Naser Yasir e algún máis que irán viendo a luz según estén..

Puedes encontrar su trabajo en las siguientes direcciones:

www.GaryDreams.BandCamp.com

www.soundcloud.com/GaryDreams

www.youtube.com/XuryPro Contacto:

GaryDreamsBeats@Gmail.com

www.Twitter.com/GaryDreams

www.Facebook.com/GaryDreams

- O horario do obradoiro é:
Obradoiro: Dende as 12:00h ata as 13:00h

8. CONCURSO DE BANDAS GALEGAS NOVEIS OGJF

I EDICIÓN CONCURSO DE BANDAS GALEGAS NOVEIS OGROVEJAM FEST



A asociación cultural, xuvenil, deportiva e recreativa Ría Urbana organiza a primeira edición do concurso de bandas noveis galegas. O prazo de inscrición ábrese o luns 26 DE MAIO DE 2014 e remata o VENRES 19 DE XULLO DE 2014.

BASES DO CONCURSO:

Para participar será necesario enviar un email a riaurbanaac@gmail.com co ASUNTO: **Concurso Bandas OGJF** e a seguinte documentación:

NOME DO GRUPO ou SOLISTA (así como o dos seus integrantes).
IDADE/S.

DESIGNAR UN REPRESENTANTE E FACILITAR UN EMAIL PARA O CONTACTO.

LUGAR DE PROCEDENCIA.

UN TEMA ORIXINAL E PRÓPIO CO CAL COMPETIR.

1- O xurado encargado de decidir cal é a banda gañadora do concurso serán profesionais do sector designados polos membros da asociación según o seu criterio os cales terán o 75% dos votos, mentres que o restante 25% sairá dos votos dos internautas na WEB establecida.

2- Non se establece criterio algún de idade ou número de membros para ningunha das bandas que queira participar do concurso.

3- Só se poderán presentar ao concurso bandas ou artistas galeg@s.

4- Os traballos deberán ser propios e orixinais .

5- As bandas ou artistas que se presenten a concurso non poden estar representadas ou ter firmado contrato discográfico ou de exclusividade con ningún

promotor, discográfica, etc...

6- A participación neste concurso implica a aceptación das bases, se algunha banda ou solista non cumpre algún dos requisitos anteriormente citados ou se detectan comportamentos que non representen a este festival, automaticamente quedará fora de concurso.

7- O premio para o gañador deste concurso consistirá nunha actuación de 15 minutos con artistas de talla nacional e internacional no Ogrovejam Fest 2014 e a produción totalmente gratuíta dunha maqueta con 4 “beats” inéditos e de uso exclusivo producidos por “GaryDreams”.

9. CONCERTOS e DJ'S

A principal baza deste festival son os concertos e dj's nos que diferentes grupos do panorama Hip Hop galego, incluídos os do Grove, pasarán polo escenario para poder presentar os seus traballos. Todos eles de forma gratuíta.

Nembargantes e gracias a experiencia acadada sabemos que é vital poder ofrecer un cabeza de cartel que faga máis succulenta, se cadra, a nosa proposición cultural. Polo cal solicitamos o respaldo económico das entidades colaboradoras para poder levar a cabo esta oferta musical.

Os concertos comezaran a partir das 20:30h ata as 01:00h aproximadamente.

Contaremos con 6 grupos de panorama galego, máis 3 cabeza de cartel en activo dentro do ámbito nacional, así coma un dj oficial para o festival dos que proporcionamos nome artístico, foto e pequena biografía.

- **CONCURSO BANDAS GALEGAS NOVEIS OGJF.**

Actuación do gañador do Concurso de Bandas Galegas Noveis OGJF a través das votacións nas redes sociais.

- **WOLF RAYET**



Grupo: **Wolf Rayet**

Wolf Rayet, ou o que é o mesmo: Iago González, é un xoven de 23 anos que iniciou en 2011 seu periplo como rapeiro, "inda que compoñía cancións dende 2010". Uniuse a BBM tocando en varios directos, showcase...compartindo escenario con xente da talla de Majhou, Duddi Wallace, Torrico, Xcese... Neste mes de xuño sacará a súa primeira maqueta que levará por título "Always Black Mondays" baixo o support de BBM.

- **504 & BARTON KIDZ**



Grupo: **504**



Grupo: **BartonKidz**

Trala súa consolidación como colectivo, tanto a nivel galego como nacional, coas publicacións de 504LP e o maxi Fondo y Forma e máis de cen directos as suas espaldas, 504 seguen ampliando e pulindo os seus rexistros a través das referencias en solitario dos seus compoñentes. Arte Descatalogado (Kotto), Apnea (Pablo Uve), Amor Umbilical (Bronquitis Crónica) ou os inminentes traballos de Didaco y Groovers (Dj Webó & Dj Mil) supoñen, non só

unha volta de torca máis aos sons contundentes e hardcore característico desta formación galega senon un paso hacia diante que amplía e diversifica as posibilidades da súa proposta.

Vinculado dende a súa formación (tanto musical como xeneracional) ao círculo de 504, o grupo de Mc's compostelano BartonKidz (Xesús Puente, Vila, Kuko Belmonte y Pablo Uve), xesta a súa saída do universo maqueteiro de SdC a través dos singles xa dispoñibles como Octubre ou Escalera de Cristal mentras se coce o seu primer traballo longo como grupo.

Da confluencia e as experiencias compartidas de amboos dous colectivos, surxe NEEDZ (Kuko Belmonte & Alberto Escariz), un EP que, mantendo o formato duro e visceral que define a ambas bandas, suporá a apertura dunha nova etapa para 504 & BartonKidz baixo a edición do selo lucense FUME RECORDS.

- **DJ LAESE**



Grupo: DJ Laese

Oscar A.K.A. DJLAESE comezou a meterse de cheo no mundo do turntablism dende os 16 anos aproximadamente e sempre estivo vinculado a **Delahoja**, aunque por aquela época chamábanse Micro Abierto e non era a formación actual.

Durante moitos anos estivo de xira con: El Puto Coke, La Familia y The Dismal por toda a xeografía española e portuguesa, tocando nos mellores festivais, como: Festimad, Viñarock, etc...

No 2001 clasificouse para a final de España da DMC tras gañar a eliminatoria de Galicia.

No 2005 sucedeu algo que era totalmente lóxico, xa que para el unha cousa leva a outra, puxose a traballar tamén como beatmaker, centrándose despois de tres maquetas en preparar o primer disco de Delahoja "**El mordisco**".

Neste 2013 ven de gañar a Red Bull Thre3style, plocamandose Campión de España e representándonos n aran final mundial celerada en Torornto onde finalizou 4º do mundo.

- **LSEBE**



Grupo: **LSebe**

Severino Hermida ou como se lle coñece LSEBE, naceu nun pobo cercano a cidade de Pontevedra, o 6 de decembro de 1983. A súa afección pola música comezou a idade temprana. Comenzando pola cultura do hip hop e curioseando os seus catro elementos con 13 anos grazas a seu irmán Wecked. Con 17 anos fixo a súa primeira colaboración con Delahoja e anos máis tarde, en decembro de 2006, pasou a formar parte do grupo.

- **CRESPO**



Grupo: **Crespo**

Crespo é un cantante de Reggae Galego, procedente de Baión e pertencente o colectivo musical Mnemotecnia. Comezou no 2006 con 14 anos centrándose no Reggae Roots e no Dancehall. Neste festival presentará seu último traballo “Cruzando Babilonia”, no que esperan, teña un gran recibimento entre o público. Voz peculiar, letras completas e rebosantes e Riddims pegadizos son a clave deste artista para facer que non pares de moverte.

- **M.K.U (KUNTA K & MBAKA)**



Dous dos referentes nacionais a nivel Hip Hop e Rap, eles són Kunta K e Mbaka. O guineano residente en Barcelona apoiouse en Pachecos (Dj Caesar, Danny Brasco e Profesor Angel Dust) para as súas producción, e nas colaboracións destacan xente como Wilson Hendrix, Noe de Dlux, Dilema, Damifa Squad e Money Malabo. Kunta K é outro exponente das novas formas de facer rap en España, e nas súas temáticas e estilo atopamos a inmigración, as drogas, clubes e delincuencia. A súa última colabo foi en Millsime, do incombustible Chirie Vegas. Mbaka, speaker oficial dos grandes bolos de Hip Hop en España, el sabe como defender a bandeira do rap. Xuiz nas batallas de galos de Red Bull, presentador, animador...a polivalencia deste valedor da Cultura Urbana reflexase nesta nova faceta de Mc xunto ao seu irman Kunta K para presentarnos seu novo traballo “The Union”, ritmos potentes e un show demoledor.

- **JUAN SOLO**



Grupo: **Juan Solo**

Juan Solo e Griffi coñecense en 1988 e deciden formar un grupo en común; Juan había tivera un grupo anterior, Solo DCP, ademáis de levar anos facendo graffiti e

breakdance, mentras que Griffi levaba sendo DJ dende os 13 anos e en 1994 quedou campión de España e sexto a nivel mundial nos prestixiosos DMC World DJ Championships. En 1995 forman o colectivo Funkomuna con artistas de Barcelona, Rubí, Tarrasa e San Cugat. Xavi Pérez, músico de jazz e produtor barcelonés, graballes unha demo en 1996. Esta maqueta chegou a difundirse por programas de radio como *La taberna del llop* ou *Siglo 21* de RNE. Grazas a esa fama conseguida, a compañía discográfica Avoid interesouse por eles para a publicación de su primer maxi *Pues cómo no / Vete con tu puto spot* en 1998. Este maxi era adianto do seu primer LP, "*Retorno al principio*" publicado a finais de ese mesmo ano. O disco tiña certo aire flamenco, grazas as produccions con sons de guitarras españolas. De este disco destaca un tema titulado "*Quiero que ahora me folles*", no que colabora Dlux.

Durante o 2000, Griffi publicou un álbum en solitario, "*Akay Lama en el funkareo del 2015*", con produccions propias acompañado de varios artistas ao micrófono. Entre eles estaban Payo Malo, Mucho Muchacho ou Tremendo.

Ao ano seguinte, 2001, publican un novo maxi ("*S'taway / Supra B-boy 2015*") adianto do seu segundo LP "*Quimera*", esta vez a través de seu propio selo discográfico, Del Palo. Este LP tiña unhas produccions máis experimentais e en certo modo demostrou a variedade de rexistros que dispoñía o grupo. Con este disco obtuvieron o recoñecemento en varias publicacións como mellor disco e mellor directo nacional (Go Mag) ou os premios Micro de platino baixo criterio dos lectores de Hip Hop Nation a mellor canción e mellor portada.

Despois de ese ritmo frenético de produccion, tiveron que pasar cutro anos ata que en 2005 publicaron o seu novo LP titulado "*Todo el mundo lo sabe*", e como viña sendo habitual, precedido dun maxi adelanto "*El chico del 9*".

En 2009 o grupo decide anunciar a súa separacion posto que tanto Juan Solo como Griffi tiñan proxectos en solitario e non podian continuar co traballo de grupo, poñendo así, fin a un dos grupos de rap nacional máis antigos e recoñecidos do panorama hip hop en España.

No 2009 Juan Solo acudeu como xurado nas semifinais da Red Bull Batalla de los Gallos 2009 en Barcelona.

En 2011 tras un tempo na sombra volve a aparecer colaborado no remix de Cookin Bananas do tema: "Aquí te pillo aquí temazo" Neste rapea xunto a Mucho Muchacho, Tote King e Lírico.

10. STANDS.

Dentro do recinto montaranse 2 stands que serán totalmente xestionados a través da Asociación RIA URBANA.

Os stands serán destinados a:

1 - Información e venda de “merchandasing”: Este stand contará con dúas persoas encargadas de ofrecer toda a información horaria e os contidos deste evento, así como da venda de “merchandasing” do festival para a recadación de fondos destinados aos eventos da asociación.

2 – Stand Solidario: Este stand contará coa colaboración da Fundación Amigos de Galicia, quen serán os encargados da recollida de alimentos non perecedeiros e tapóns de plástico para as diferentes campañas de axuda que este ente leva a cabo por toda a xeografía galega.

Prohíbese calquer venda de bebidas ou comida dentro do recinto.

11. PROGRAMACIÓN HORARIA

PLANIFICACIÓN HORARIA DO EVENTO EN CONXUNTO

- 09:30h-10:00h Presentación oficial da 3ª EDICIÓN OGROVEJAM FEST 2014 a cargo dos representantes da Asociación Cultural Deportiva Xuvenil e Recreativa RIA URBANA, e Presentación do 3º Campionato de Baloncesto Urbano 3x3 OGROVEJAM FEST.
- 10:00h-15:00h Sesión continua de música a cargo dún dj e dún “speaker” que comentará parcialmente o Campionato de Baloncesto Urbano e animará a sesión matinal dende o escenario central.
- 10:00h-15:00h Comezo do 3º Campionato de Baloncesto urbano en categoría SENIOR no que se disputarán a liguilla de todos os grupos.
- 10:00h-12:00h Inscripción no Obradoiro de produción e edición musical a cargo de GaryDreams na carpa de información.
- 10:00h-18:00h Inscripción no Obradoiro de breakdance a cargo de Faneka Attack Crew na carpa de información.
- 10:00h-17:00h Inscripción no Obradoiro de Parkour a cargo de Urban People na carpa de información.
- 12:00h-13:30h ____ 17:30h-20:30h Presentación da exhibición de Graffiti a cargo de Kike e Nazza e comezo de graffs.

- 15:00h-16:00h Parón para o almoço. Dito parón anunciarase a través da megafonía por parte do “staff”.
- 16:00h-19:00h Comezo da sesión continua de música a cargo dun dj e a animación de DJow.
- 16:00h-17:00h Presentación con DJow e comezo do 2º Concurso de Triplas.
- 17:00h-18:30h Continúa o 3º Campionato de Baloncesto urbano na categoría SENIOR cos cuartos e as semifinais.
- 17:00h-18:00h Inicio do Obradoiro de produción e edición musical a cargo de GaryDreams na carpa Snappers-Globe, cambiar para la tarde entre las 4 y las 7
- 17:00h-19:30h Retorno dos writers aos seus paneis ata rematar os graffitis.
- 18:00h-19:00h Obradoiro de Breakdance na pista de baile con Faneka Attack Crew.(8 a 12 anos)
- 18:00h-19:00h Obradoiro de Parkour a cargo de Urban People na pista free running.(12 a 16 anos)
- 19:00h-19:30h Exhibición de “Parkour”a cargo de Urban People na pista free running.
- 19:15h-20:00h Final do Campionato 3x3 de Baloncesto Urbano, 3º e 4º posto, entrega de trofeos, e MVP do campionato, a cargo de DJow e Kike.
- 20:00h-20:30h Presentación a cargo de Darwin e comezo da exhibición de BreakDance a cargo de Faneka Attack Crew.
- 20:30h-21:00h Presentación a cargo de Kike co gañador do Concurso Grupos Galegos Noveis OGJF.
- 21:00h-00:30h Presentación de Kike e Djow do cartel de concertos e comezo destes na seguinte orde :

1º . Gañador do Concurso Grupo Galego Novel.

2º . CRESPO. (Cambados).

3º . WOLF RAYET. (Vigo).

4º . 504&BARTONKIDZ. (SdC).

5º . DJ LAESE+ ELSEBE. (Pontevedra).

7º . (M.K.U) MBAKA E KUNTA K. (Barcelona)

8º . JUAN SOLO.(Barcelona)

- 01:30h Peche da 3ª Edición do JAM do Grove 2014 a cargo dos integrantes da Asociación RIA URBANA.

12. LOXÍSTICA DE MONTAXE

A colaboración total do Axuntamento do Grove e das concellerías implicadas é fundamental para o bó desenrolo desta actividade, polo tanto todo o apoio prestado para este evento suporá minimizar os custos de inversión e propiciará o mellor desenrolo posible do evento.

Por iso é preciso concertar a data de montaxe (22, 23 e 24 de Xullo de 2014) de todo este material que haberá que trasladar ata o recinto da Praza do Corgo, por outra banda o staff completo de RIA URBANA, un mínimo de 20 persoas estarán supervisando a montaxe de todas as infraestruturas, cada un na súa competencia, para evitar erros innecesarios e perdas de tempo.

Aparte disto, e durante os meses que quedan para o desenrolo da actividade, sería importante manternos informados de que puntos vanse pechando de todo o material que se pide.

13. MULTIMEDIA E PROXECCIONS.

O rápido avance das novas tecnoloxías fainos pensar que os eventos “de toda a vida” deben evolucionar cara os contidos multimedia e audiovisuais.

De este modo temos un plan de proxeccións e emisións de imaxe que fagan máis ameno e interesante o festival.

Neles poderemos:

- Ver imaxes en directo do festival.
- Pasar un videomontaxe feito pola nosa sección informática, na que se visionaran unha serie de imaxes do Grove e do que será o contido do festival a modo de presentación do evento para a súa emisión en internet.

- Emitir as publicidades dos colaboradores do festival.
- Emitir os horarios e contidos do evento.
- Visionar imaxes relacionadas coa cultura urbana.
- Manter contacto directo via redes sociais con xente de toda España e de todo o mundo que queiran seguir o evento en directo, con emisións de videos do festival cada hora.
- E demais contidos audiovisuais que se están a barallar e crear no noso estudio.
- Estamos abertos a calquera proposta

14. CONTROL DAS ACTIVIDADES.

A Asociación RIA URBANA porá a disposición do evento e dos participantes un mínimo de 20 persoas que en todo momento teran controlada todas as actividades que se estean desenrolando, encargándose de que estas respeten os horarios previstos pola organización así como as súas bases e normas legais.

Dispoñemos dun guión perfectamente redactado para cada parte do evento, segmentado e sen maior complicación para resolver cada caso previsto pola organización.

Así mesmo contaremos cunha serie de comunicacións via “talky” para ter controlado calquer tipo de incidencia ou imprevisto.

A colaboración de protección Civil do Grove e Policía Local do Grove son indispensables para evitar calquer tipo de problema ou emerxencia.

Os horarios poden sufrir modificacións se así o considerase oportuno os organizadores do evento.

Os temas de publicidade, tanto do propio evento como dos colaboradores, organizadores e patrocinios serán tratados coa máxima seriedade, publicitándose a través das redes sociais e no propio cartel do evento, así como en proxeccións en pantallas xigantes que haberá no propio recinto.

Prohíbese o consumo de bebidas alcohólicas ou estupefacientes dentro do recinto do festival.

A organización reservase o dereito a aprazala data do festival por causa xustificada.

Os casos non previstos nas presentes bases serán resoltas pola organización basándose nos criterios de racionalidade, igualdade e equidade.

A Asociación RIA URBANA faise responsable de todos os materiais cedidos polo axuntamento así como dos desperfectos que se puidesen ocasionar.

15. ORGANIZADORES

ORGANIZAN:



ASOCIACIÓN CULTURAL XUVENIL DEPORTIVA E RECREATIVA RIA URBANA



CONCELLERIA DE XUVENTUDE CO CONCELLO DO GROVE



OGROVE
Jam Fest

praza
do
corgo **VENRES**
25/07/2014

JUAN SOLO (BCN)
M.K.U. (MBAKA & KUNTA K) (BCN)
DJ LAESE (PONTEVEDRA)
LSEBE (PONTEVEDRA)
504 & BARTON KIDZ (COMPOSTELA)
WOLF RAYET (VIGO)
CRESPO (CAMBADOS)

ACTUACIÓN
DO GANADOR
DO CONCURSO
DE GRUPOS
NOVEIS GALEGOS

PARKOUR OBRADOIRO e EXHIBICIÓN
GRAFFITI EXHIBICIÓN
BREAKDANCE OBRADOIRO e EXHIBICIÓN
CAMPIONATO 3X3 FUIKAOMAR DE BALONCESTO + CONCURSO DE TRIPLAS
OBRADOIRO DE PRODUCCIÓN
E EDICIÓN MUSICAL (GARYDREAMS)
AFTERPARTY (01:30 h.) TWIST & SHOW

RECOLLIDA DE TAPÓNS E COMIDA NON PERECEDEIRA
NO STAND DE AMIGOS DE GALICIA
SORTEOS DE ARTÍCULOS Y COMPLEMENTOS
ZONA CHILLIN

ORGANIZAN:

OGROVE  

OGROVEJAM
FEST